



En Vigo, a 20 de marzo do 2026, o Xuíz Único de Competición da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ, nomeado pola Asamblea Xeral da FEGAXA o día 3 de Xuño do 2023, acordou resolver nesta data o Expediente nº 2/2026

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMERO.- O 12 de marzo de 2026 a FEGAXA dirixe email os equipos Xadrez Valdeorras B e Academia As Burgas B encadrados na Terceira División, Grupo I (Académica As Burgas B) da Liga Galega por equipos de Club 2026 para que remitiran a Acta da Primeira rolda disputada, que se tivera que aprazar por motivos meteorolóxicos o 23 de xaneiro do 2026, e que tiña que celebrarse con anterioridade ó 7 de marzo do 2026, según decisión do Comisión Delegada.

O 13 de marzo novamente a FEGAXA dirixe email ó Clube Académica As Burgas na que resolve a súa eliminación da competición por incomparecencia en máis do 16% do límite fixado de incomparecencias da RXC 62.4 7.

O Sábado, 14 de Marzo de 2026 ás 22:51 horas recíbese e-mail de D^a. Julia Arcos Rodríguez no nome do Clube Académica As Burgas B reclamando a decisión da eliminación do seu equipo de Terceira División, Grupo I (Académica As Burgas B) da Liga Galega por equipos de Club 2026 en base os seguintes motivos:

Na semana do 7 de marzo contactamos co Xadrez Valdeorras para negociar a data do encontro atrasado de 3 div grupo I e non houbo acordo, nos podíamos o venres porposto, eles non podían o sábado polo mañá, se ben non o comunicamos por escrito por descoñecemento, tampouco o fixo o Xadrez Valdeorras. Non é de recibo que agora despois de pasar o prazo de xogo dito equipo pretenda presentar acta do encontro ao que non asistiron e ao que non houbo acordo para xogar. Solicitamos que non se nos de o encontro perdido por incomparecencia e que, polo tanto, non se nos elimine o noso equipo.

SEGUNDO.- O día 17 de marzo de 2026 a Responsable da Liga Galega por equipos da FEGAXA resolve desfavorablemente a reclamación.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Competencia do Xuíz Único para a resolución da Reclamación.

A competencia do Xuíz Único para resolver a Reclamación está recollida no artigo 45 a) dos Estatutos da Federación Galega de Xadrez vixentes e consonte o nomeamento como Xuíz Único de Competición efectuado polos órganos de Goberno da FEGAXA o día 18 de Maio do 2023 e a ratificación posterior da Asamblea da FEGAXA o día 3 de Xuño do 2023.

Non así en canto a redacción do citado artigo 62 do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA que debe dirixirse a outras instancias (Comisión Delegada ou Asamblea Xeral), polo que queda fora desta decisión.

2.- Lexitimación

A recorrente é interesada para a presentación desta reclamación segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que interés lexítimo no obxecto da súa reclamación.

3.- Temporalidade do Recurso

O recurso foi presentado en prazo. Se ben non se indica expresamente a presentación de recurso administrativo corresponde darlle dita forma a reclamación presentada contra a Resolución da FEGAXA.

4.- Obxecto e pretensión do Recurso.

O Obxecto do Recurso é determinar se procede aplicar a incomparencia do Clube Académica As Burgas B na disputa da Rolda 1 da Terceira División Grupo 1 da Liga Galega por equipos 2026 o que determinaría a súa exclusión da citada competición por infrinxir o artigo RXC 62.4 7.

5.- Normativa aplicable



- 1.- Regulamentos da Federación Internacional de Xadrez (FIDE).
 - 2.- Regulamentos da Federación Española de Xadrez (FEDA).
 - 3.- Lei do Deporte de Galicia.
 - 4.- Regulamentos da Federación Galega de Xadrez (FEGAXA).
- Estatutos da Federación Galega de Xadrez.
 - Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA (modificado o 22.11.2024 pola Comisión Delegada):

6.- Consideracións do Xuíz Único de Competición da FEGAXA.

Debido ao aprazamento da primeira rolda da Competición de Liga de Xadrez por Equipos 2026 acordada pola Comisión Delegada o 23 de Xaneiro do 2026, a Comisión acordou asemade que no caso da Terceira División, a rolda debía disputarse con anterioridade as 17:00 horas do día 7 de marzo do 2026.

Según reconece dona Julia Arcos Rodriguez do Clube Académica as Burgas B trataron de poñerse en contacto con equipo Local Valdeorras B manifestandolles a éstos que podían disputar a rolda o venres 6 de marzo, mentres que o Clube Valdeorras manifestou a súa preferencia polo sábado 7 de marzo, sen chegar a poñerse de acordo. A pesares diso non houbo notificación de ningunha clase a FEGAXA para que resolverá a situación.

A rolda debía ser disputada por ambos clubes como se dixo antes as 17:00 horas do día 7 de marzo do 2026. É evidente polo tanto a incomparencia dos dous clubes o nin sequera poñerse da cordo na data de celebración.

Segundo esta previsto no apartado 4.7 do artigo 62, dentro do Título VIII do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA (modificado o 22.11.2024 pola Comisión Delegada) “composición da Liga”:



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



Se un equipo excede o 16% de encontros individuais perdidos por incomparecenza de entre todos os encontros individuais que ten que disputar, eliminarase automáticamente da competición e perderá a categoría, co que competirá para a próxima tempada no grupo da categoría de terceira que lle corresponda por proximidade xeográfica ao domicilio social do club ó que pertence. Unha vez iniciada a liga, ningún xogador/a poderá xogar a liga en outro club ou equipo distintos da mesma categoría aínda que non disputara ningún encontro, si podería facelo en equipos de inferior categoría de outro club si tivese permisos de ambos e da federación. Si un equipo non inicia a liga ou causa baixa na mesma, os xogadores/as non poden xogar na mesma categoría nin superiores e tanto o club como o equipo serán sancionados disciplinariamente.

Segundo se deduce do informe da FEGAXA o Clube Académica as Burgas B excede o 16% de encontros individuais perdidos por incomparecencia de entre todos os encontros que ten que disputar na Liga, tendo en conta a incomparecencia da disputa da Primeira Rolda da Liga, polo que a consecuencia está prevista no citado artigo 4.7. do art. 62 do RXC.

Polo exposto,

O XUÍZ ÚNICO DE COMPETICIÓN RESOLVE desestimar o Recurso presentada o día 14/03/2026 por dona Julia Arcos Rodríguez no nome do Clube Académica As Burgas B, confirmando a proposta realizada pola FEGAXA de data 17 de marzo de 2026.

Contra esta Resolución poderase interponer recurso de alzada perante o Comité de Apelación desta Federación Galega de Xadrez no prazo de cinco días hábiles, contados dende o día seguinte a recepción desta Resolución.

Publícase esta Resolución na páxina Web da Federación Galega de Xadrez e comunícaselle o Clube Académica As Burgas B

Asdo.: Jesús Vázquez Forno

Xuíz Único da Competición.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ (FEGAXA)